

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

CORRECCIÓN de erros. Resolución do 11 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula o procedemento para a elaboración de listas de formadores colaboradores para impartiren seminarios fóra de Galicia e se abre o prazo para a inscrición de candidatos.

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 37, do 21 de febreiro de 2013, cómpre facer as seguintes correccións:

– Na páxina 5073, no artigo 6, o punto 1 pasa a ser o punto 2, e onde di: «As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación...», debe dicir: «Igualmente, as solicitudes poderán presentarse, xunto co resto da documentación...».

– Na mesma páxina, no artigo 6, o punto 2 pasa a ser o punto 1 e queda redactado do seguinte xeito:

«1. De acordo co establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes e a Orde do 15 de setembro de 2011, as persoas interesadas poderán presentar electronicamente as solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico: <https://sede.xunta.es>

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante, carecendo do carácter de copia auténtica. A Administración, en calquera momento da tramitación do procedemento, poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e do artigo 22.3 do citado Decreto 198/2010. A chegada de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida nos correspondentes documentos».

– Na páxina 5079, hai que substituír o anexo publicado polo seguinte:

